BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Luns, 3 de febreiro de 2025
Núm. 22

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GROVE, O

Subvencións e axudas

BASES DO XIV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA POLO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

O Concello do Grove (Pontevedra) convoca este concurso que se rexerá polas seguintes bases:

Primeira. Poderá participar calquera persoa física maior de idade que presente unha obra súa, orixinal e inédita. Cada autora ou autor poderá presentar un máximo de tres fotografías en formato dixital.

Segunda. Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, no que se conmemora a loita da muller pola súa participación e igualdade de xénero na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa, a Concellería de Igualdade convoca este concurso que trata sobre a muller, co que se pretende visibilizar o facer das mulleres nos diferentes eidos da vida (social, laboral, político, artístico, creativo, de ocio...).

Terceira. As fotografías deberán ser orixinais e non presentadas en ningún concurso. Poderán presentarse en vertical ou horizontal e admitiranse fotos en cor e en branco e negro.

Aquelas fotografías nas que apareza unha persoa identificable deben contar co consentimento da persoa retratada. O xurado pode requirir este consentimento por escrito.

Cuarta. Enviarase cada fotografía individualmente, coa indicación "XIV Concurso de Fotografía polo Día Internacional das Mulleres". Cada fotografía deberá ir acompañada da folla de inscrición anexa a estas bases cuberta e a fotocopia do DNI. As fotos poderán enviarse en formato electrónico ao enderezo de correo electrónico 08marzogrove@gmail.com.

Así mesmo, deberán achegar unha declaración responsable de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Administración local) e coa Seguridade Social, conforme o previsto no artigo 24.4 do RLXS.

Quinta. O prazo de inscrición estará aberto desde a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) ata o día 25 de febreiro de 2025, incluído.

Sexta.Establécense os seguintes premios:

- 1º premio: 350€
- 2º premio: 250€
- 3º premio: 150€

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:IVG9APJS5EWYTGRM

Sétima. As persoas que conformen o xurado serán dadas a coñecer antes da concesión do premio. O xurado estará composto por integrantes do Consello Local de Igualdade e por profesionais relacionados/as co mundo da arte e a fotografía. Actuará como secretario/a do xurado, con voz e sen voto, un/unha técnico/a do Concello. O nome das tres persoas premiadas publicarase na páxina web municipal (www.concellodogrove.es) o día 8 de marzo de 2025.

Oitava. O Concello do Grove resérvase todos os dereitos de propiedade e uso das fotografías premiadas, citando sempre o nome do/a autor/a. A fotografía gañadora será empregada na campaña do Día Internacional das Mulleres. O Concello do Grove farase cargo da impresión das 20 fotografías con maior puntuación, que serán expostas ao público durante o mes de marzo.

Novena. A organización resérvase o dereito de modificar estas bases en beneficio do bo funcionamento deste concurso.

Décima. A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases e da decisión do xurado, que será inapelable.

O Grove, xaneiro de 2025

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:IVG9AP1S5EWYTGRM